

**CONSELLO DA CULTURA GALEGA**

*Resolución do 23 de febreiro de 2009 pola que se aproban as bases que rexerán a convocatoria pública de dezasete bolsas de colaboración en proxectos de investigación que se están a desenvolver no Consello da Cultura Galega e se anuncia a súa convocatoria.*

O artigo 6 da Lei 8/1983, do 8 de xullo, na súa alínea b), establece que lle compete ao Consello da Cultura Galega investigar e valorar as necesidades culturais do pobo galego.

Dentro do plan de actividades do Consello da Cultura Galega para o ano 2009 figura a convocatoria pública de bolsas de colaboración para proxectos de investigación sobre diversos aspectos da cultura galega.

O seu outorgamento enmárcase dentro das funcións atribuídas ao Consello da Cultura Galega na Lei 8/1983, do 8 de xullo, que desenvolve o artigo 32 do Estatuto de autonomía.

Na súa virtude, apróbanse as seguintes bases:

**Primeira.-Obxecto.**

Esta resolución ten como obxecto aprobar as bases e proceder á convocatoria de dezasete bolsas de colaboración en proxectos de investigación concretos que se están a desenvolver no Consello da Cultura Galega e que se inclúen como anexos a esta resolución, na cal se detallan os requisitos específicos que deben reunir os solicitantes.

**Segunda.-Contía das bolsas e dotación orzamentaria.**

O Consello da Cultura Galega financiará estas bolsas con cargo á aplicación orzamentaria 03.01.111D.480.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, por un importe de cento trinta e sete mil douscentos corenta e un euros (137.241 €). O importe das bolsas incluirá:

-Unha asignación mensual de oitocentos cincuenta euros (850 €), coa retención fiscal que corresponda, que será incompatible con calquera outra axuda ou actividade remunerada.

-Seguro de asistencia médica e seguro combinado de accidentes.

**Terceira.-Duración.**

A duración da bolsa será de 9 meses, comprendidos entre o 1 de abril e o 31 de decembro de 2009.

A data de incorporación ao Consello da Cultura Galega será dentro dos dez días seguintes ao da notificación da adxudicación.

Os bolseiros que non se incorporen no prazo establecido perderán os dereitos inherentes á bolsa concedida, agás causa xustificada de atraso apreciada polo presidente do Consello da Cultura Galega.

**Cuarta.-Requisitos xerais.**

As persoas solicitantes deberán cumprir, ademais dos requisitos específicos que para cada proxecto se sinalan nos anexos desta resolución, os seguintes requisitos:

a) Posuír a nacionalidade española ou ser nacional dun país membro da Unión Europea.

b) Estar en posesión da titulación académica requirida no anexo correspondente sen que transcorren máis de 5 anos desde a súa obtención.

c) Acreditar coñecemento da lingua galega no nivel de perfeccionamento ou Celga 4.

d) Non ter sido separada/o do servizo de ningunha Administración ou institución como consecuencia de expediente disciplinario.

e) Non desempeñar actividade profesional remunerada por conta propia ou allea nin beneficiarse de bolsas ou axudas equiparables ás convocadas.

f) Non ter gozado con anterioridade dunha bolsa do Consello da Cultura Galega durante un prazo superior a doce meses.

g) Non incorrer nalgunha das causas de prohibicións para ser beneficiario a que se refire o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**Quinta.-Solicitudes, documentación e prazo de presentación.**

a) As solicitudes, no modelo que se xunta como anexo, irán dirixidas ao presidente do Consello da Cultura Galega e entregaranse ou ben no rexistro do Consello da Cultura Galega (Pazo de Raxoi, 2º andar, praza do Obradoiro, 15705 Santiago de Compostela) ou ben en calquera dos centros previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

b) A presentación de solicitude comportará a autorización do solicitante para que o órgano concedente obteña de forma directa a acreditación do cumprimento das súas obrigas tributarias coa Administración do Estado e coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, polo que queda liberado o solicitante de achegar a correspondente certificación.

c) Cada solicitante presentará unha única solicitude e poderá solicitar un máximo de dúas modalidades de bolsa, indicando no impreso de solicitude, de ser o caso, a orde de preferencia. A presentación de

máis dunha solicitude ou a elección de máis de dúas opcións invalidará todas as presentadas.

d) O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

e) Documentación que se deberá presentar xunto coa solicitude:

-Fotocopia compulsada do título universitario requirido no anexo correspondente.

-Certificación académica oficial ou copia compulsada, na cal figure a nota media simple do expediente académico, obtida de acordo co baremo establecido na resolución da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 15 de marzo de 2005, DOG do 23 de marzo. A nota media terá en conta a totalidade dos créditos ou materias superadas, nun procedemento único de cálculo que inclúa todas as materias de primeiro e segundo ciclo, así como os créditos asignados no plan de estudos.

Os/as solicitantes que teñan cursado os seus estudos en universidades non pertencentes ao sistema universitario de Galicia e posúan certificación académica nun idioma distinto do galego ou do castelán, deberán xuntar a correspondente tradución xurada. A certificación indicará: cualificacións máxima e mínima do sistema de avaliación correspondente, cualificación mínima necesaria para aprobar, número de convocatorias esgotadas e cualificacións obtidas en cada unha das convocatorias.

-*Curriculum vitae*, acompañado de cantos documentos poidan avalalo.

-Título acreditativo do coñecemento da lingua galega no nivel de perfeccionamento ou Celga 4.

-Fotocopia do DNI ou pasaporte.

-Declaración xurada en que se compromete a renunciar, se for seleccionado, á percepción doutras remuneracións, bolsas ou axudas e tamén de que cumpre os requisitos exixidos polo artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

-Declaración do conxunto de todas as solicitudes, efectuadas ou concedidas, para un mesmo proxecto, ante as administracións públicas competentes ou outros entes públicos.

Todos os documentos deberán ser orixinais ou copias cotexadas.

Sexta.-*Baremación*.

A valoración total de cada expediente de solicitude poderá acadar a puntuación máxima de 8 puntos, tendo en conta o seguinte:

-Expediente académico: ata un máximo de 4 puntos.

As notas medias do expediente académico persoal calcularanse de acordo co baremo establecido na resolución da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 15 de marzo de 2005, DOG do 23 de marzo. A nota media terá en conta a totalidade dos créditos ou materias superadas, nun procedemento único de cálculo que inclúa todas as materias de primeiro e segundo ciclo, así como os créditos asignados no plan de estudos.

-Currículo do solicitante e experiencia investigadora en proxectos de investigación similares: ata un máximo de 4 puntos.

A comisión non valorará aqueles méritos alegados polos solicitantes nas súas instancias que non estean acreditados documentalmente.

En caso de empate terase en conta, en primeiro lugar, o expediente académico e, en segundo lugar, o *curriculum vitae*.

Sétima.-*Procedemento de avaliación e selección*.

A instrución para a selección das bolsas correspóndelle á Xerencia do Consello da Cultura Galega, que lles poderá reclamar, se for necesario, aos solicitantes que emenden os defectos administrativos apreciados na documentación exixida, de acordo co artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, outorgándolles un prazo de 10 días hábiles, desde a notificación de requirimento; no caso de non contestar ao requirimento, entenderase que o interesado renuncia á súa solicitude.

A avaliación dos méritos alegados corresponde-ralle ás comisións de valoración, que terán o carácter de órganos avaliadores. Estas comisións serán nomeadas pola Comisión Executiva do Consello da Cultura Galega e estarán compostas por un membro da Comisión Executiva, que a presidirá, e por dous membros da sección ou comisión técnica da que dependa o proxecto de investigación.

As comisións procederán a valorar os méritos alegados de acordo cos criterios establecidos na base sexta desta resolución, realizando unha listaxe en que figurarán os candidatos propostos e 5 suplentes, ordenados pola puntuación total, tendo en conta que só se valorarán os méritos alegados ou relacionados co anexo ao cal opte o solicitante.

Se ningún dos candidatos presentados resultar idóneo, a Comisión de Valoración poderá establecelo así no seu informe.

Oitava.-*Resolución e publicación*.

As listaxes provisionais de bolseiros faranse públicas nos taboleiros de anuncios do Consello da Cultura Galega, polo que se entenderán notificados/as, para todos os efectos, os/as beneficiarios/as, e na páxina web do Consello da Cultura Galega,

<http://www.consellodacultura.org>, mediante unha relación nominal dos/as beneficiarios/as e suplentes. O prazo de exposición das listaxes será de 10 días naturais contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, durante os cales se poderán facer as alegacións pertinentes.

A resolución da convocatoria correspóndelle ao presidente do Consello da Cultura Galega, como órgano resolutorio do expediente, por proposta da Xerencia do Consello da Cultura Galega, que terá en conta a proposta da Comisión de Avaliación dos candidatos. O acordo farase público, para efectos de notificación ás/aos interesadas/os, no taboleiro de anuncios do Consello da Cultura Galega e na páxina web do Consello da Cultura Galega, <http://www.consellodacultura.org>.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os/as interesados/as poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición perante o presidente do Consello da Cultura Galega no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no DOG, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo máximo para resolver as solicitudes correspondentes ás accións especificadas nesta resolución será de seis meses, contados a partir da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. O vencemento do prazo máximo sen que sexa notificada a resolución lexítima os interesados para entender desestimada, por silencio administrativo, a solicitude de concesión da subvención.

Os/as solicitantes excluídos/as terán un prazo de dous meses a partir da publicación da concesión das bolsas no *Diario Oficial de Galicia* para recuperar a documentación presentada.

Novena.-*Incompatibilidades, obrigas e cumprimento.*

a) Estas bolsas son incompatibles con outras bolsas ou axudas financiadas con fondos públicos ou privados, así como soldos ou salarios que impliquen vinculación contractual ou estatutaria do/a bolseiro/a ou calquera tipo de ingresos pola prestación de servizos profesionais ou pola realización de traballo remunerado.

b) Os/as bolseiros/as permanecerán na sede do Consello da Cultura Galega, en horario habitual de presenza de mañá e/ou tarde, segundo as necesidades dos proxectos, en función do criterio do coordinador científico do proxecto.

c) O presidente do Consello da Cultura Galega poderá conceder, por unha vez, a interrupción da

bolsa por petición razoada do/a interesado/a, logo do informe do coordinador científico do proxecto. A interrupción non poderá ser nunca superior a 3 meses ao longo da duración da bolsa e non dará lugar, en ningún caso, á posibilidade de recuperar o período interrompido. O/a interesado/a nesta interrupción temporal da bolsa non terá dereito a percibir as mensualidades correspondentes ao período que dure a súa interrupción.

Se algún/algunha dos/as beneficiarios/as destas bolsas decidise renunciar a ela, fose seleccionado para outra bolsa, axuda ou proxecto, ou se se producise algunha circunstancia determinante de incompatibilidade con esta bolsa, deberá comunicarllo ao presidente do Consello da Cultura Galega, que procederá á suspensión da bolsa correspondente. A bolsa vacante poderáselle adjudicar ao/á candidato/a seguinte da lista de suplentes, sempre que as necesidades do proxecto sigan sendo as mesmas.

d) Os/as beneficiarios/as teñen a obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control de destino das bolsas, así como as demais que deriven do artigo 45 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

e) O incumprimento por parte do/a bolseiro/a de calquera das condicións recollidas nesta orde e nas demais normas aplicables poderá constituír causa determinante de revogación da axuda e do reintegro total ou parcial polo/a beneficiario/a das cantidades percibidas xunto cos xuros de mora que lle puidesen corresponder en cada caso, en aplicación do disposto nos artigos 33 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

f) Unha vez finalizada a bolsa presentarase un informe da actividade realizada, co visto e prace do coordinador científico do proxecto.

Décima.-*Aceptación das bolsas.*

A resolución de adjudicación definitiva notificárase aos/ás interesados/as que fosen propostos/as como beneficiarios. Notificada a resolución, os beneficiarios dispoñerán dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada.

Se nese prazo algún dos beneficiarios fíxese renuncia expresa á bolsa, procederáse automaticamente á adjudicación da bolsa ao seguinte aspirante en puntuación.

*Décimo primeira.-Pagamento e xustificación.*

O pagamento da bolsa realizarase mensualmente na conta bancaria indicada polo/a interesado/a, logo do informe do director da investigación, sempre que as actividades se desenvolvan con normalidade e de acordo coas bases establecidas, tendo en conta que co último pagamento deberán presentar declaración do conxunto de todas as solicitudes, efectuadas ou concedidas, para un mesmo proxecto, ante as administracións públicas competentes ou outros entes públicos.

*Décimo segunda.-Réxime de desenvolvemento.*

Primeira.-Os bolseiros seleccionados quedarán obrigados a:

a) O cumprimento das obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

b) Seguir as indicacións técnicas dos coordinadores ou titores do proxecto.

c) Entregar mensualmente aos coordinadores ou titores do proxecto un informe da súa actividade e, ao finalizar a bolsa, a memoria explicativa do resultado desta.

Segunda.-Os coordinadores ou titores que dirixan os bolseiros poderán propoñerlle ao presidente do Consello da Cultura Galega a extinción da bolsa por falta de dedicación ou incumprimento das condicións sinaladas.

Terceira.-Unha vez rematado o período de desfrute da bolsa, as persoas non seleccionadas poderán solicitar a devolución da documentación achegada. Transcorrido o prazo dun ano procederase á eliminación da documentación non recollida.

*Disposicións adicionais*

Primeira.-A presentación da solicitude da bolsa comportará a autorización ao Consello da Cultura Galega para:

a) Facer públicos nos rexistros regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas cando proceda.

b) A reserva que o petionario poida facer no sentido de non autorizar a obtención de datos ou a publicidade dos datos nos rexistros, que en todo caso terá que comunicar, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou subvención ou, noutro caso, á revogación do acto de outorgamento e, se procede, ao reintegro do importe concedido.

c) De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co disposto no artigo 15.2º c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Consello da Cultura Galega publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

Segunda.-Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais poderán dar lugar á modificación da resolución de concesión, segundo prevé o artigo 17.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Terceira.-A concesión das bolsas reguladas nesta orde terá como límite global o crédito asignado nos orzamentos para este fin.

Cuarta.-Esta convocatoria poderase impugnar mediante un recurso potestativo de reposición ante o presidente do Consello da Cultura Galega no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no DOG, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente a través dun recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Quinta.-A condición de bolseiro/a non dará lugar a relación contractual ningunha, nin laboral nin administrativa, co Consello da Cultura Galega.

*Disposición derradeira*

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2009.

Ramón Villares Paz  
Presidente do Consello da Cultura Galega

*ANEXO I***Dúas bolsas para colaborar no programa Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia**

Estas bolsas teñen como finalidade colaborar no programa Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia, que se está a desenvolver no Consello da Cultura Galega.

Requisitos específicos das persoas solicitantes:

Para solicitar as bolsas a que se refire esta convocatoria é necesario, ademais de reunir os requisitos xerais establecidos na base cuarta desta resolución:

-Ser licenciada/o en filoloxía galega.

Valoraranse como méritos:

-Posuír coñecementos de servizos lingüísticos ou de normalización lingüística ou de actividades de dinamización lingüística e estudos ou traballos de sociolingüística galega.

-Posuír coñecementos de Access e Excel.

-Posuír coñecementos da internet.

### ANEXO II

#### Dúas bolsas para colaborar na Área de Xestión Cultural

Estas bolsas teñen como finalidade colaborar nas actividades de xestión cultural, que se están levando a cabo no Consello da Cultura Galega.

Requisitos específicos das persoas solicitantes:

Para solicitar as bolsas a que se refire esta convocatoria é necesario, ademais de reunir os requisitos xerais establecidos na base cuarta desta resolución:

-Ser licenciada/o en humanidades, ciencias sociais ou ciencias da información.

Valoraranse como méritos:

-Posuír coñecementos de xestión cultural.

-Posuír coñecementos de informática.

-Ter coñecementos de idiomas.

### ANEXO III

#### Dúas bolsas para colaborar no programa Arquivo de Comunicación

Estas bolsas teñen como finalidade participar no programa Arquivo de Comunicación, que se está a desenvolver no Consello da Cultura Galega.

Requisitos específicos das persoas solicitantes:

Para solicitar as bolsas a que se refire esta convocatoria é necesario, ademais de reunir os requisitos xerais establecidos na base cuarta desta resolución:

-Ser licenciada/o en xornalismo, publicidade e relacións públicas ou comunicación audiovisual.

Valoraranse como méritos:

-Posuír coñecementos de análise de contido, catalogación e busca documental.

-Posuír coñecementos informáticos e de xornalismo dixital.

-Posuír coñecementos en estudos de comunicación.

-Ter coñecementos de idiomas.

### ANEXO IV

#### Dúas bolsas para colaborar no programa Arquivo Sonoro de Galicia

Estas bolsas teñen como finalidade colaborar no programa Arquivo Sonoro de Galicia, que se está a desenvolver no Consello da Cultura Galega.

Requisitos específicos das persoas solicitantes:

Para solicitar as bolsas a que se refire esta convocatoria é necesario, ademais de reunir os requisitos xerais establecidos na base cuarta desta resolución:

-Ter estudos específicos de técnico de son (grao superior de técnico de son-FP ou outra titulación similar).

Valorarase como mérito:

-Posuír coñecementos de programas de edición e de gravación de audio-dixital.

### ANEXO V

#### Dúas bolsas para colaborar no web corporativo do Consello da Cultura Galega

Estas bolsas teñen como finalidade colaborar na elaboración, planificación, xestión e produción dos sitios web do Consello da Cultura Galega.

Bolsa 1.

Requisitos específicos das persoas solicitantes:

Para solicitar a bolsa a que se refire esta convocatoria é necesario, ademais de reunir os requisitos xerais establecidos na base cuarta desta resolución:

-Ser licenciada/o en xornalismo, publicidade e relacións públicas ou comunicación audiovisual.

Valoraranse como méritos:

-Posuír coñecementos de edición de web, tratamento de imaxes dixitais e vídeo dixital.

-Posuír coñecementos de informática.

-Ter coñecementos de xornalismo dixital.

-Ter coñecementos de idiomas.

Bolsa 2.

Para solicitar a bolsa a que se refire esta convocatoria é necesario, ademais de reunir os requisitos xerais establecidos na base cuarta desta resolución:

-Ter a titulación de FP2-informática.

Valorarase como mérito:

-Posuír coñecementos de redes corporativas, servidores e mantemento de equipos.

-Posuír coñecementos de xestión de intranets, aplicacións de bancos de datos e linguaxe QSL.

#### ANEXO VI

##### Unha bolsa para colaborar na Área de Publicacións

Esta bolsa ten como finalidade colaborar na Área de Publicacións do Consello da Cultura Galega.

Requisitos específicos das persoas solicitantes:

Para solicitar a bolsa a que se refire esta convocatoria é necesario, ademais de reunir os requisitos xerais establecidos na base cuarta desta resolución:

-Ser licenciada/o en filoloxía galega.

Valorarase como mérito:

-Posuír coñecementos de tradución e corrección.

-Posuír coñecementos de edición de textos.

-Posuír coñecementos de informática.

#### ANEXO VII

##### Dúas bolsas para colaborar na Área de Documentación

Estas bolsas teñen como finalidade colaborar na Área de Documentación do Consello da Cultura Galega.

Requisitos específicos das persoas solicitantes:

Para solicitar as bolsas a que se refire esta convocatoria é necesario, ademais de reunir os requisitos xerais establecidos na base cuarta desta resolución:

-Ser diplomada/o en biblioteconomía e documentación ou licenciada/o en documentación.

Valoraranse como méritos:

-Posuír coñecementos de catalogación en formatos Marc.

-Posuír coñecementos do programa de catalogación Absysnet.

-Posuír coñecementos de informática.

#### ANEXO VIII

##### Unha bolsa para colaborar na Área de Informes

Esta bolsa ten como finalidade colaborar nas actividades da Área de Informes, que se están levando a cabo no Consello da Cultura Galega.

Requisitos específicos das persoas solicitantes:

Para solicitar a bolsa a que se refire esta convocatoria é necesario, ademais de reunir os requisitos xerais establecidos na base desta resolución:

-Ser licenciada/o en matemáticas, en socioloxía, en psicoloxía ou ciencias económicas.

Valoraranse como méritos:

-Posuír coñecementos de métodos de investigación social.

-Posuír coñecementos de Excel.

-Posuír coñecementos de SPSS.

#### ANEXO IX

##### Dúas bolsas para colaborar no programa Arquivo da Emigración Galega

Estas bolsas teñen como finalidade colaborar no programa Arquivo da Emigración Galega, que se está a desenvolver no Consello da Cultura Galega.

Requisitos específicos das persoas solicitantes:

Para solicitar as bolsas a que se refire esta convocatoria é necesario, ademais de reunir os requisitos xerais establecidos na base cuarta desta resolución:

-Ser licenciada/o en xeografía e historia.

Valoraranse como méritos:

-Posuír coñecementos de biblioteconomía e documentación.

-Ter experiencia en estudos sobre os movementos migratorios.

-Ter coñecementos de informática.

#### ANEXO X

##### Unha bolsa para colaborar no Proxecto Sarmiento

Esta bolsa ten como finalidade colaborar no proxecto para a edición da obra de Martín Sarmiento, que se está a desenvolver no Consello da Cultura Galega.

Requisitos específicos das persoas solicitantes:

Para solicitar a bolsa a que se refire esta convocatoria é necesario, ademais de reunir os requisitos xerais establecidos na base cuarta desta resolución:

-Ser licenciada/o en filoloxía galega.

Valoraranse como méritos:

-Posuír experiencia en edición e revisión de textos.

-Ter coñecementos de informática.



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
 ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E  
 XUSTIZA

## ANEXO XI

PROCEDEMENTO <b>BOLSAS DE COLABORACIÓN EN PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN NO CONSELLO DA CULTURA GALEGA</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>PR970A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

## DATOS DO/DA SOLICITANTE

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	DNI
DATA DE NACEMENTO	ENDEREZO	PROVINCIA	
CONCELLO	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

## EXPÓN:

Que á vista da convocatoria de bolsas de colaboración en proxectos de investigación que se están desenvolvendo no Consello da Cultura Galega, publicada no DOG nº , e considerando que reúne os requisitos exixidos, de conformidade coa documentación que se xunta, e coa expresa aceptación de todos os termos da dita convocatoria,

## SOLICITA: (indicar por orde de preferencia)

Unha bolsa para o proxecto  Anexo:

Unha bolsa para o proxecto  Anexo:

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

LEXISLACIÓN APLICABLE  <i>Resolución do 23 de febreiro de 2009 pola que se aproban as bases que rexerán a convocatoria pública de dezasete bolsas de colaboración en proxectos de investigación que se están a desenvolver no Consello da Cultura Galega e se anuncia a súa convocatoria.</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO <input type="text"/>  REVISADO E CONFORME <input type="text"/>	NÚMERO DE EXPEDIENTE <input type="text"/>
SINATURA DO/DA SOLICITANTE  <i>Lugar e data</i> _____, de _____ de 2009		DATA DE ENTRADA ____/____/____  DATA DE EFECTOS ____/____/____  DATA DE SAÍDA ____/____/____

Presidente do Consello da Cultura Galega

Pazo de Raxoi, 2º piso - Praza do Obradoiro  
 15705 Santiago de Compostela

Dirección electrónica:  
 correo@consellodacultura.org  
 Tel.: 981 95 72 02 - Fax: 981 95 72 05

## DOCUMENTACIÓN PRESENTADA

## PROCEDEMENTO

BOLSAS DE COLABORACIÓN EN PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN QUE SE ESTÁN DESENVOLVENDO NO CONSELLO DA CULTURA GALEGA

- Fotocopia compulsada do título universitario requirido no anexo correspondente.
- Certificación académica oficial ou copia compulsada, na cal figure a nota media simple do expediente académico, obtida de acordo co baremo establecido na resolución da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 15 de marzo de 2005, DOG do 23 de marzo.
- Curriculum vitae*, acompañado de cantos documentos poidan avalalo.
- Fotocopia do DNI ou pasaporte.
- Título acreditativo do coñecemento da lingua galega no nivel de perfeccionamento ou Celga 4.
- Declaración xurada comprometéndose a renunciar, se fose seleccionado, á percepción doutras remuneracións, bolsas ou axudas e tamén de que cumpre os requisitos exixidos polo artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Declaración de conxunto de todas as solicitudes, efectuadas ou concedidas, para un mesmo proxecto, ante as administracións públicas competentes ou outros entes públicos.

De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co disposto no artigo 15.2º c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Consello da Cultura Galega publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

## INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

*Resolución do 3 de febreiro de 2009 pola que se lle dá publicidade á lista de beneficiarios das axudas concedidas polo Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe) durante o cuarto trimestre de 2008.*

De conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, o Igape publicará as subvencións concedidas ao abeiro das bases reguladoras das axudas do Igape no *Diario Oficial de Galicia*, expresando beneficiario, finalidade, contía e aplicación orzamentaria.

Unha vez producidas desistencias e renuncias entre os proxectos aprobados nos programas de axuda do Igape convocados en réxime de concorrencia competitiva, o Igape publicará as subvencións concedidas aos proxectos que estaban nas listas de espera elaboradas co fin de que, de se produciren desistencias ou renuncias entre os proxectos aproba-

dos, puidesen ser propostos para a concesión, por estrita orde de puntuación alcanzada e ata esgotarse o crédito dispoñible.

Así mesmo, o Igape tamén publicará as subvencións concedidas en vía de recurso ao abeiro das súas bases reguladoras, unha vez vistos os recursos interpostos contra as resolucións dos expedientes instruídos ao abeiro das súas bases reguladoras e tras propoñer para concesión os proxectos aprobados nos recursos estimados.

En virtude do exposto anteriormente,

### RESOLVO:

Primeiro.-Dar publicidade á relación de beneficiarios das axudas concedidas polo Igape durante o cuarto trimestre de 2008, que figura como anexo I.

Segundo.-Dar publicidade á relación de beneficiarios das axudas concedidas polo Igape aos proxectos que estaban na lista de espera, que figura como anexo II.

Terceiro.-Dar publicidade á relación de beneficiarios das axudas concedidas polo Igape en vía de